

Vinte anos da localización dos petroglifos de Auga da Laxe

FERNANDO XABIER COSTAS GOBERNA

No contexto dos petroglifos do Grupo Galaico de Arte Prehistórica, o conxunto de superficies das estribacións da serra do Galíñeiro, no monte dos Arruídos, coñecido como Auga da Laxe, constitúe a estación máis importante das coñecidas ata hoxe con representacións de armas; e dende a súa localización aparece reflectida con asiduidade na literatura referente aos nosos petroglifos.

A instancias de Xosé Lois Vilar, do Instituto de Estudios Miñoranos, e na súa idea de recompilar toda a información referente a estes petroglifos, nestas liñas recóllense as circunstancias e o contexto nos que se produciu a localización deste conxunto nos primeiros anos da década dos anos oitenta.

ANTECEDENTES

O coñecemento a finais da década dos anos setenta dos gravados rupestres na nosa bisbarra era escaso. No Fragoso limitábase dende había anos ao gran petroglifo de Pedra Moura en Coruxo, estudiado polo inesquecible Luís Monteagudo García¹, e o petroglifo de Pedra das Augas en Teis². No Val Miñor a situación é similar e só se coñecen as referencias sobre algúns gravados no castro de Borreiros e as de Xoán Martínez do Tamuxe do Grupo Arqueolóxico do Baixo Miño na parroquia de Couso. Todo isto reflíctese na posta ao día da catalogación dos gravados rupestres da provincia de Pontevedra feita por Antonio de la Peña e Alfredo García Alén publicada nesas datas³.

Será a partir deste momento cando, paso a paso, as primeiras prospeccións de Costas Goberna e Hidalgo Cuñarro na contorna de Fragoselo (Vigo) dan como froito o coñecemento de novas rochas en Coruxo⁴; e as de Antonio Taboada Táboas presentan os primeiros gravados en torno a Belesar (Baiona) e no castro de Xián, en Vincios (Gondomar). Todas elas aparecidas nas primeiras publicacións do Museo Municipal de Vigo⁵.

Pero será nos primeiros anos da década dos anos oitenta, debido a persoas como Ladislao Castro, Gonzalo Meijide, Xulio e Cesáreo Fernández Pintos, Xesús Gómez, Xosé Lois Vilar Pedreira, Francisco Vicente Álvarez, Xerardo Dasairas, alumnos e profesores do colexió Andersen de Valadares, os que poñen enriba da mesa un núme-



Vista xeral do panel de Auga da Laxe. (Foto: X. L. Vilar)

ro de estacións tal que provocará que, a partir da segunda metade do ano 1982, un grupo de persoas vincelladas ao Museo Municipal “Quiñones de León” de Vigo, por iniciativa propia, e cos seus propios fondos, propuxésemos como unha necesidade prioritaria tratar de ordenar toda a información sen máis interese de que todo este material non quedase no caixón do esquecemento.

Este grupo formárono Xulio Fernández Pintos, sen quen tería sido imposible a súa realización, Xoán Luís Goberna Pena, Miguel Anxo Fernández Díaz e Fernando Xabier Costas Goberna, que asumió as funcións de coordinador da andadura, dado que era a persoa con experiencia arqueolóxica do grupo. O planeamento foi sinxelo: localización das rochas, recoñecemento do material coñecido, lectura das superficies con grabados, anotacións das características dos mesmos e documentación fotográfica.

Dada a ausencia dunha ficha normativizada de referencia, “inventamos” a nosa propia ficha tendo en conta a precariedade dos nosos medios (non moitos por certo, xa que incluso recorriamos a unha amiga que traballaba nunha tenda de fotos para conseguir carretes caducados e reaproveitabamos o polietileno para calcos). De maneira sistemática, este traballo de campo durou aproximadamente un ano e medio, cos normais altos e baixos nun proxecto no tempo no que a única recompensa era o propio pracer persoal, aproveitando ao máximo o tempo libre. Nesta andadura xurdiron novas superficies en torno ás xa coñecidas por todo o Fragoso e o Val Miñor, e nela sucedeu a localización dos petroglifos de Auga da Laxe.

A LOCALIZACIÓN DOS PETROGLIFOS DE AUGA DA LAXE

A finais do ano 1983, cando xa estávamos a finalizar o inventario que nos puxeramos como obxectivo, chegamos todo o equipo ata Santa Lucía, no somonte da Serra do Galiñeiro, en Vincios, na beira do picadeiro áinda hoxe alí existente, para traballar nun grupo de rochas descubertas por Xulio Fernández Pintos e Xesús Gómez. E cando estávamos co levantamento dos calcos, apareceu Conrado Pérez, propietario do picadeiro, a preguntar que estávamos a facer. Ata aquí a cousa era normal porque sempre que chegabamos a calquera sitio, debido ao tempo



O autor deste traballo (dereita) con J. M. Hidalgo Cuñarro en 1983, poucas dasas despois de descubrir o gran panel de Auga da Laxe I.

que botabamos para estudiar calquera rocha, terminabamos por ser sospitosos de algo. Falando e falando díxonos que máis arriba, dende o cabalo chamáballle a atención unha especie de bandeiras, ou cousas parecidas a picas, que parecía haber nunha pedra moi grande no Monte dos Arruídos. A descripción del fixonos pensar que poderían ser alabardas, e como alí mesmo ainda quedaba unha pedra con tres figuras deste tipo (hoxe desaparecida), preguntámosselle se eran parecidas; el respostou que poderían ser, pero que non o sabía moi ben.

Así que decidimos que había que achegarse ata alí. E dado que estabamos coas lecturas, para poder botar despois os plásticos e non perder o traballo feito nese día, díxenlle a Xulio que fora el con Conrado facer un primeiro recoñecemento, e despois decidiamos. O problema era que Xulio xamais montara a cabalo e Conrado insistía que dada a distancia a mellor forma era facer a visita dese xeito. Por fin Xulio cedeu e montou, ainda que con medo; a verdade é que, recordando o suceso, creo que foi unha medida acertada porque Xulio emulou aos arqueólogos famosos, como o alemán Schulten que percorreu Doñana dese xeito buscando Tartessos, e así foi como mirou por primeira vez o grupo I de Auga da Laxe na más pura tradición da literatura arqueolóxica de primeiros do século XX.

Nós seguimos traballando en Santa Lucía ata que o pequeno grupo volvemos, e cando, non sen certas dificultades, Xulio baixou do cabalo e preguntelelle que opinaba dixo con cara de sorpresa e preocupación: - tes que miralo; para min hai cousas, pero son moi grandes, algo que parecen alabardas, algo que parece unha espada..., tes que miralo ti. Daquela deixo aos outros compañeiros terminando coas fotos, recollo... e veña para arriba.

Chegados ante a Pedra das Procesións, a sensación foi unha mestura de sorpresa e incredulidade; diante nosa, nunha pedra enorme, alí estaban... alabardas de

gran tamaño e diferente tipoloxía..., unha espada enorme como xamais se mirara..., unha morea de supostos escutiformes..., varios punais... Aquilo non tiña nada que ver con todo o que levabamos recollido na nosa andadura polo Fragoso e o Miñor, e superaba o divulgado pola bibliografía ata ese momento. O que pensei foi que só polas emocións que estaba a sentir se xustificaba o feito de ter emprendido tantos meses atrás o intento de recoñecer os petroglifos da nosa bisbarra.


O impacto recibido foi tal que ante aquilo, cousa que non fixeramos ante ningunha das problemáticas que se nos presentaran ao longo do inventario, decidimos que había que consultalo con expertos de maior relevancia ca nós. E así foi como falamos do asunto con J. M. Hidalgo, daquela xa exercendo como arqueólogo no Museo Municipal de Vigo, quen lle mostrou a documentación gráfica ao profesor Xosé Manuel Vázquez Varela da Universidade de Santiago de Compostela, o cal certificou a validez do achado e tranquilizou a nosa ansiedade. En datas posteriores, axudado por Xulio, fixemos a primeira lectura da superficie.

A localización do que coñecemos como grupo I ou Pedra das Procesións, tivo a súa repercusión na prensa desa época, e así o diario Faro de Vigo, aparte de dar a noticia, dedicoulle unha páxina no suplemento cultural do 18 de decembro de 1983. Para min non podía rematar mellor ese ano no que na primavera nacera o meu fillo Fernando.

A LECTURA DO GRUPO I DE AUGA DA LAXE

O seguinte foi o levantamento do calco. A Hidalgo entráronlle as présas, que xamais o abandonaron, e urxiunos para que levantaramos canto antes o calco da superficie. Para facer a lectura e axudar a botar o calco, debido ás dimensións da superficie, quedamos un día no que, ademais de J.M. Hidalgo Cuñarro, acudiu o arqueólogo Eugenio Rodríguez Puentes (hoxe no cadro de persoal da Dirección de Patrimonio Histórico da Xunta de Galicia). Iso si, tanto o plástico como o resto do inventario tívemos que pagar eu (aínda que estabamos ante un dos más importantes achados da arqueoloxía galega os medios, cando menos para min, sempre foron os mesmos).

O día era o menos propicio para facer este traballo: amenceu cunha néboa que pasou a poalla xusto cando comezabamos a cubrir a rocha co polietileno para copiar



A gran espada, alabardas e escutiformes da Pedra das Procesións.
(Foto: F. X. Costas Goberna)

a lectura. O plástico foise humedecendo, os rotuladores pintaban con dificultade, etc., pero por fin demos conta do recado. Tras un complicado proceso, debido ao tamaño do polietileno e a que, como no resto da catalogación, o local de procesamento dos plásticos que utilizaba era un antigo alboio da casa onde vivía, cheguei a ter a reproducción do conxunto das figuras.

Esa lectura do grupo I de Auga da Laxe aparece publicada por primeira vez, xunto a unha primeira aproximación ás súas características, na revista *Brigantium*, do Museo Arqueolóxico e Histórico da Coruña, no seu nº 56, con fotografías do coñecido fotógrafo Delmi Álvarez. Esta lectura é a que se reproduce en tódalas publicacións que fan referencia a esta estación dende eses anos ata esta data, e teño que dicir que me fai moita gracia cando teño visto en publicacións de todo tipo esa reproducción que me resulta tan coñecida sen citar a procedencia, ou acompañada do texto “*modificada a partir de Costas Goberna*”. O que hai detrás desas actitudes explícase por si mesmo.

Teño que aclarar que esta primeira lectura ten algúns errores no extremo norte provocados pola posible superposición dalgúnsas figuras nun escutiforme do extremo sur.

A LOCALIZACIÓN DOS GRUPOS II, III E IV DE AUGA DA LAXE


En sucesivas visitas con Xulio, para seguir analizando a superficie do grupo I, fixemos o recoñecemento das rochas das inmediacións, o que deu como resultado a localización das outras superficies con armas que anotamos como II, III e IV, que completan o conxunto máis importante con representacións dos petroglifos do noroeste da península Ibérica. A secuencia foi a seguinte: primeiro a alabarda na rocha en fronte do panel I, detectada por Xulio; despois o panel das alabardas á beira da pista forestal, recoñecida tamén por Xulio; e finalmente, a rocha que coñecemos como grupo III con alabardas e puñais, coa que topei dun xeito totalmente fortuito. Estabamos a facer algunas fotos no grupo I e tiven que ir ao coche ata a pista forestal por algún material que necesitaba, e cando volvía o sol que se filtraba entre as ramas dos piñeiro iluminaba xusto a parte da rocha onde están as dúas alabardas desta superficie. A estas alturas xa nada me sorprendía.

A PUBLICACIÓN DOS PETROGLIFOS DE AUGA DA LAXE

Como apuntei anteriormente, a revista *Brigantium* publicou a primeira aproximación ao grupo I, pero non o conxunto na súa totalidade, que nós integramos no inventario do conxunto dos petroglifos do sur da ría de Vigo, obxectivo co que comezaramos moitos meses atrás.

A pesar da “alteración” que supuxo a localización dos gravados de Auga da Laxe, seguimos para finalizar o obxectivo marcado e ainda que xa tiñamos novas da posibilidade de máis petroglifos, a mediados do ano 1984, co material recollido ata esa data, demos por rematado o traballo de campo.

Todo aquel esforzo convertido en catálogo, ordenado por concellos e parroquias, nunha vella máquina de escribir que chegou a formar parte da paisaxe do comedor



Portada de Petroglifos del litoral sur de la ría de Vigo, 1984 de F. X. Costas Goberna.

Varela, tal como recolle o diario Faro de Vigo nas súas páxinas do 21 de abril.


Será esa publicación a última da serie de monografías do Museo, xa que a partir dese momento as publicacións desta entidade cambiaron a súa liña e comezou a andadura da revista Castrelos, que publicou o seu primeiro número no ano 1987 e ata o de agora o derradeiro número saíu no ano 1999.

Así foi como localizamos e demos a coñecer o conxunto de Auga da Laxe, partindo da nosa curiosidade e da nosainxenuidade, sen obedecer a ningunha iniciativa ou proxecto institucional. Agora, coa perspectiva que dá o tempo, a pesar dos atrancos ben intencionados dalgúns, e mal intencionados doutros, como non podía ser doutra maneira, ao longo destes anos, considero que foi un privilexio o que sucedeu naquel tempo porque me vencellou ata hoxe co mundo dos gravados rupestres e a xente que os vive coa mesma paixón.

A TRANSCENDENCIA DO CONXUNTO DE AUGA DA LAXE MÁIS ALÁ DE GALICIA

A partir da publicación do conxunto de Auga da Laxe, esta estación chamou inmediatamente a atención de investigadores foráneos e, independentemente das modestas achegas que un puido ir facendo nos congresos aos que acudiu para difundir a existencia do conxunto, na bibliografía europea aparecen referencias a este conxunto, das que a modo de exemplo destacamos as seguintes: na década dos oitenta, na revista alemana "Madridere Mitteilungen", na que o alemán Züchner fai un paralelismo entre as figuras que nós interpretamos como escutiformes e representacións de carros centroeuropeos⁸. Xa nos anos noventa, o profesor inglés Richard Bradley, daquela na Universidade de Reading, quen visitou e estudiou esta área xunto co catedrático da Universidade de Santiago Ramón Fábregas, reproduce a Pedra das Procesións na súa obra *Rock Art and the Prehistory of Atlantic Europe*⁹. No ano

da vella casa na que viviamos daquela, cortando e pegando coas tesoiras e con "pegamento Imedio", chegou a mans do concelleiro de cultura do concello de Vigo naquelas datas, Francisco Santomé Otero, a quen lle pareceu de interese suficiente para promover a súa publicación íntegra. E así foi como, correspondendo ao nº 8 das monografías do Museo Municipal de Vigo, publicouse aquel primeiro compendio da nosa arte rupestre máis próxima, e no apartado dedicado ao concello de Gondomar ofreceuse por primeira vez o estudio de todo o conxunto dos gravados rupestres de Auga da Laxe⁷. Esta obra presentouse no Museo de Vigo no marco da primeira exposición dedicada aos petroglifos con parte do material recoillido, e foi presentada o 13 de abril do ano 1985 polo profesor da Universidade de Santiago de Compostela D. Xosé Manuel Vázquez



Capa e contracapa do texto publicado polo CeSMAP de Pinerolo no ano 2000.

2000 o Centro de Studi e Museo d'Arte Preistorica de Pinerolo, no Piemonte italiano, no marco da exposición “Armi e Cavalieri sulle Rocce della Galicia”, que presenta os traballos feitos por esta institución sobre os petroglifos galegos nos primeiros anos da década dos anos setenta, xunto cos últimos descubrimentos, publica a obra *De Petroglyphis Gallaeciae. Arte Rupestre, Archeología e Paesaggio*, na que evidentemente está presente o conxunto de Auga da Laxe. Outras publicacións de prestixio, como “International Rock Art Newsletter”, publican tamén no ano 2000 artigos sobre os nosos petroglifos e mencionan especialmente Auga da Laxe.

Tamén son de resaltar algunas visitas de estudiosos da arte rupestre, e así na década dos noventa prodúcense as visitas de investigadores de prestixio tan contrastado como Antonio Beltrán, catedrático emérito da Universidade de Zaragoza e unha autoridade recoñecida mundialmente no eido da Arte Rupestre. Tamén estivo Richard Bradley, neses anos profesor da Universidade inglesa de Reading, Darío Seagle, director do Museo e Centro de Estudios de Pinerolo no Piemonte italiano.

E no final da década, co gallo do congreso celebrado en Vigo en torno á arte rupestre europea, ao que acudiron especialistas recoñecidos de todo o continente, prodúcese a visita de dous extraordinarios personaxes do mundo da arte rupestre, e así tiven a ocasión de visitar e mostrar Auga da Laxe por petición expresa a Jean Clottes, Director da Comisión de Arte Rupestre da UNESCO, quen dende ese foro fixo un chamamento claro e contundente nas súas



Jean Clottes, Director da Comisión de Arte Rupestre da UNESCO, primeiro pola esquerda; Emmanuel Anati, Director do Centro de Estudios Caminos de Italia, no centro. Entre os dous, o autor deste artigo, F. Xabier Costas Goberna, nunha visita a Auga da Laxe en 1999.

declaracións nos medios locais e nacionais para a recuperación dos petroglifos galegos¹⁰, e a Enmanuel Anati, coñecido investigador italiano impulsor do Centro de Estudios Camunos e da recuperación dos conxuntos de Valcamónica no norte de Italia.

PRESENTE E FUTURO DO CONXUNTO DE AUGA DA LAXE

Como afirma Antonio de la Peña, a este epígrafe na situación actual respóstase facilmente: negro; ou preto no sentido portugués da verba. Despois de vinte anos da localización dos petroglifos de Auga da Laxe, o que si sabemos é que nas mámoas que están á beira do conxunto facíanse fogueiras para cubrir as necesidades gastronómicas da xente que acudía ao curro que se celebraba nas súas inmediacións. Que unha pista arrasou un xacemento arqueolóxico nas inmediacións do conxunto, e do que Antonio de la Peña, Manuel Rey e o que subscribe recollerón abundante material cerámico na superficie. Que as explotacións de granito abundan no contorno. Que o incremento do número de visitantes botou sobre os petroglifos os mesmos males que afectan ao resto do patrimonio da arte rupestre galaica: marcaxe con elementos agresivos dos petroglifos. Pero non só podemos falar da inoperancia das administracións públicas, senón tamén dalgúns “profesionais”, que viven da actual lexislación más interesados no seu éxito persoal que na conservación do patrimonio histórico, e dos cales coñecemos a súa dedicación á arte rupestre galega pola súa ausencia na literatura do asunto, xa que o que coñecemos corresponde ao aproveitamento do traballo desinteresado doutros para beneficio económico propio. E isto despois de vinte anos... ¿alguén dá máis?

Pero non todo é pesimismo afortunadamente. Aínda quedan institucións sen ánimo de lucro, como o Instituto de Estudios Miñoranos, que desde a súa fundación está a mollarse e a comprometerse en iniciativas dedicadas á súa recuperación, preocupándose dun xeito que só merece loubanzas. Ou xente como a da Asociación Espeleolólica “Maúxo”, con Xabier Groba e Xosé Bernardino Costas Goberna ao fronte, que continuou e continúa ampliando nesta comarca o coñecemento da nosa arte rupestre e do noso patrimonio en xeral, a pesar dos atrancos sufridos por causas alleas á súa vontade.

Esa é a nosa esperanza: que a minoría sensible cada vez sexa máis numerosa.

NOTAS

- 1 MONTEAGUDO GARCÍA, Luis. *El petroglifo de Fragoso*. Archivo Español de Arqueología nº 52. Madrid. 1943.
- 2 DÍAZ ÁLVAREZ, Pedro. *Notas y Referencias de Prehistoria VII.- La Guía de Vigo*. Faro de Vigo. 16/2/1958.
- 3 GARCÍA ALÉN, A., PEÑA SANTOS, A. *Grabados Rupestres de la Provincia de Pontevedra*. A Coruña. 1980.
- 4 ÁLVAREZ BLÁZQUEZ, J.M.; COSTAS GOBERNA, F.X.; HIDALGO CUÑARRO, J.M. *Vigo Arqueológico*. Museo Municipal de Vigo nº 2. Vigo. 1980.
- 5 COSTAS GOBERNA, F.X.; HIDALGO CUÑARRO, J.M. *Prospecciones Arqueológicas en los Valles del Tea, Alvedosa y Miñor*. Museo Municipal de Vigo nº 3. Vigo. 1980.
- 6 COSTAS GOBERNA, F.X., HIDALGO CUÑARRO, J.M. *El petroglifo inédito de armas de "Auga da Laxe" (Vincios, Gondomar, Pontevedra)*. Brigantium, volume 5. A Coruña. 1984-1985.
- 7 COSTAS GOBERNA, F.X. *Petroglifos del Litoral Sur de la ría de Vigo*. Publicaciones del Museo Municipal "Quiñones de León" de Vigo nº 8 . Vigo. 1985.
- 8 ZÜCHNER, Ch. *Haüser, Felder und Wege in der Galicischen Felsbildkunst*. Madrider Mitteilungen , nº 30. Heidelberg. 1989.
Idol, Schild oder Wagen. Zur Dentung einer Gravierung von Castro de Conxo bei Santiago de Compostela. Madrider Mitteilungen , nº 33. Heidelberg. 1991.
- 9 BRADLEY, Richard. *Rock Art and the Prehistory of Atlantic Europe*. London. 1997.
- 10 EL PAÍS . 27 de Novembro de 1999.

